

INFORMACIÓN FIN DE CURSO

Ante a proximidade da finalización do presente curso, infórmase ás familias do alumnado do centro dos seguintes aspectos:

1. ENTREGA DE CUALIFICACIÓNS

Os informes de avaliación do alumnado serán enviados por Abalar e/ou entregados presencialmente o martes 27 de xuño na aula do curso de 9 a 11 da maná.

2. RECLAMACIÓNS ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS

As posibles reclamacións poderán efectuarse, por escrito, ata o 29 de xuño inclusive, segundo se establece na Orde do 2 de marzo de 2021, e serán tramitadas a través da xefatura de estudos.

3. HISTORIAL ACADÉMICO

Os historiais académicos do alumnado de 6º de primaria poderá recollelos o pai/nai ou titor/a legal o 29 e 30 de xuño de 11:00 a 13:00 horas.

4. LIBROS DE TEXTO

Poderán consultar a lista de libros de texto para o próximo curso na web do centro e no taboleiro a partir do 16 de xuño.

5. MATERIAL ESCOLAR

A listaxe de materiais escolares para o curso 23-24, publicarase na web do centro na primeira semana de setembro.

6. FONDO LIBROS e AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Cando se publiquen as listaxes provisionais de fondo libros avisaremos por AbalarMóvil de que estarán publicados no taboleiro do centro. As datas previstas son:

- 23 de xuño publicación da listaxe provisional.
- 26 e 27 de xuño posibles reclamacións á listaxe provisional.
- 29 de xuño resultados das reclamacións.
- 3 de xullo listaxe definitiva.

Os vales poderán recollese o mércores 5 de xullo e na primeira semana de setembro.

8. INICIO DO CURSO ESCOLAR 2023-2024

De acordo co establecido na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros sostidos con fondos públicos na CCAA de Galicia a actividade lectiva comezarán o luns 11 de setembro.

9. MADRUGADORES

Para facer uso deste servizo deben dirixirse a ANPA.

10. COMEDOR

O comedor escolar funcionará desde o día 11 de setembro de 2023 ata o 20 de xuño de 2024, ambos inclusive.

11. BECAS NEAE – MINISTERIO

Lembramos que as axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poden presentarse no centro ata o 20 de setembro. As solicitudes deben cumplimentarse via web no www.educacionyfp.gob.es ou a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional (<https://sede.educacion.gob.es>).